



**ILUSTRE COLEXIO OFICIAL
DE VETERINARIOS
LUGO**

Estimados/as colexiados/as:

Por iniciativa da Consellería de Sanidade, e como consecuencia da situación de emerxencia na que nos atopamos, provocada pola pandemia do COVID-19, trasladovos a petición realizada a este Colexio para recabar veterinarios voluntarios.

«Nos termos da Orde SND/232/2020, e co obxecto de centralizar toda a información relativa ás persoas que non estando a prestar servizos no Sistema Galego de Saúde de Galicia, de modo voluntario desexan manifestar a dispoñibilidade para prestar a súa colaboración na atención sanitaria derivada ó COVID-19, pedimos a vosa colaboración para recopilar os datos das persoas voluntarias.»

Tódolos que queirádes e podades colaborar ante esta crisis sanitaria como voluntarios debedes enviar, mediante email á conta de correo do colexio, os seguintes datos:

Nome e apelidos

Teléfono de contacto

Especialidade

Area Sanitaria

Dispoñibilidade horaria

Unha vez recibamos e xestionemos os e-mails, comunicaremos á Consellería de Sanidade a relación de voluntarios, **quen se poñerá en contacto directamente cos mesmos a efectos de organización e asignación de funcións que podamos realizar.**

Agradecendo por anticipado o voso extraordinario apoio e solidariedade, recibide un cordial saúdo e moito ánimo.

Ana María López Pombo

Presidenta do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo